



Guía Docente

Datos Identificativos					2021/22
Asignatura (*)	Contidos complementarios para o ensino das linguas galega e castelá		Código	652608811	
Titulación	6 Mestrado Universitario en profesorado de Educación Secundaria: Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá				
Descriptorios					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	4	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Ferreiro Fernandez, Manuel		Correo electrónico	manuel.ferreiro@udc.es	
Profesorado	Ferreiro Fernandez, Manuel Perez Pascual, Jose Ignacio		Correo electrónico	manuel.ferreiro@udc.es jose.ignacio.perez.pascual@udc.es	
Web					
Descrición xeral	Formación e reflexión sobre algúns aspectos complementarios, de carácter fundamental, que son importantes para o ensino da lingua galega e da lingua castelá.				



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Sen mudanzas</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Todas, substituídas polo envío a cada estudante de materiais a través de medios telemáticos (e-mail, moodle) e/ou por explicación directa a través de Teams.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>?Obradoiro: as actividades de Obradoiro pasan a se realizar por medios telemáticos (e-mail, moodle, Teams).</p> <p>?Traballo tutelado: mantense segundo a programación inicial (estrutura, extensión, data de entrega), mais as consultas co profesor realizaranse exclusivamente a través de medios telemáticos.</p> <p>?Proba mixta: o exame presencial será substituído por unha proba asíncrona que será enviada por correo electrónico ao/á estudante no día anterior á data oficial do exame para realizar na súa casa. Data e hora de entrega telemática: no día oficial do exame, dúas horas despois da hora marcada para o seu inicio.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Correo electrónico, Moodle, Teams: cando for necesario contactarase persoal ou grupalmente cos estudantes para comunicación de instrucións, atendimento de cuestións e/ou exposición de contidos a través do envío de materiais diversos ou de explicación directa por medio de Teams.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>?Traballo tutelado (70%): Traballo dirixido sobre unha cuestión da materia, con tema e bibliografía previamente concertados entre o profesorado e estudante(s).</p> <p>?Exame de coñecementos (30%): Desenvolvemento de dúas cuestións de carácter teórico-práctico relacionado cos contidos da materia.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <ol style="list-style-type: none"> Os resultados da avaliación serán comunicados de modo telemático a través do Moodle e/ou e-mail. A revisión das cualificacións será feita telematicamente a través dos medios de atención ao alumnado antecitados: correo electrónico, Teams. De ser o caso, calquera avaliación positiva será gardada para a cualificación da segunda oportunidade. Calquera estudante que non aprobar a proba mixta deberá repetila (presencial ou telematicamente, conforme as circunstancias). Se non aprobar o traballo tutelado, deberá repetilo corrigindo as deficiencias e incorporando as melloras indicadas polo profesorado (a data de entrega do traballo tutelado será a mesma que a fixada oficialmente para o exame). <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Sen mudanzas</p>
-----------------------------	--

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A2	Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan á aprendizaxe.
A3	Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.
A4	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.
A5	Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e no centro; abordar e resolver posibles problemas.
A6	Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país.
A7	Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, tutoría e orientación académica e profesional.
A8	Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá.



A9	Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade e prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia.
A10	Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
A11	Coñecer a evolución histórica da familia, os seus diferentes tipos e a incidencia do contexto familiar na educación.
A12	Adquirir habilidades sociais na relación e orientación familiar.
A13	Comprender as implicacións educativas da situación lingüística galega e adquirir e aplicar criterios, estratexias e recursos pedagóxicos para participar na planificación e desenvolvemento do plano lingüístico do centro.
A14	Respectar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade.
A15	Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.
A16	Coñecer os contidos que se cursan nos respectivos ensinamentos.
A17	Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas.
A18	Coñecer contextos e situacións en que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Adaptación crítica ao dinamismo social e curricular na sociedade galega	AP3		CM3
	AP4		CM4
	AP6		CM6
	AP7		CM7
	AP8		
	AP9		
	AP11		
	AP13		
Formación e reflexión sobre os últimos avances na especialidade	AP3		CM6
	AP7		CM7
	AP11		CM8
	AP12		
	AP15		
	AP16		
Actualización da formación científica para o futuro traballo profesional	AP2		CM1
	AP5		CM3
	AP10		CM4
	AP14		CM5
	AP17		CM6
	AP18		



Contidos	
Temas	Subtemas
1. Coñecemento dos contidos relevantes da especialidade e tendencias actuais.	1.1. Orixe e evolución histórica da(s) lingua(s). A onomástica como patrimonio. O comentario filolóxico. 1.2. Extensión territorial e variantes da lingua. A conformación do actual modelo normativo e a calidade da lingua. 1.3. A análise lingüística. O comentario lingüístico. 1.4. As escolas lingüísticas na Península. A filoloxía española. A filoloxía galego-portuguesa
2. Adaptación da materia ao marco curricular.	2.1. A procura da calidade da lingua na expresión oral e escrita. 2.2. O ensino do texto: concepto, xéneros discursivos e tipoloxías textuais, oralidade e escrita, técnicas de organización e redacción de textos. 2.3. O ensino da gramática: a gramática descritiva, normativa e pedagóxica. 2.4. O ensino do léxico, traballo con dicionarios. 2.5. O aproveitamento das TIC.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A3 A4 A6 A7 A10 A12 A16 A15 A18	16	17	33
Obradoiro	A8 A9 A10 A14 C1 C3 C4	7	7	14
Lecturas	A6 A7 A11 A16 A17 C5 C6	2	14	16
Traballos tutelados	C3 C5 C7 C8	1	30	31
Proba mixta	A3 A4 A5 A13 A15 C1	1	4	5
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición e explicación de contidos e reflexións para o posterior traballo de cada estudante.
Obradoiro	Prácticas guiadas, xeralmente grupais, en que o alumnado desenvolve tarefas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.
Lecturas	Realización de lecturas necesarias para a formación do estudante a respecto do contido do curso.
Traballos tutelados	Traballo academicamente dirixido sobre unha cuestión da materia previamente asignada. O tema e a bibliografía serán acordados entre o profesorado e o(s) estudante(s).
Proba mixta	Proba escrita de carácter teórico-práctico.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	No horario de titorías do profesorado, o/a estudante recibirá a información e a guía necesaria para preparar e realizar o seu traballo tutelado.

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A8 A9 A10 A14 C1 C3 C4	Realización de actividades prácticas derivadas das sesións maxistras (análise de textos, estudo de fontes documentais etc.).	10
Traballos tutelados	C3 C5 C7 C8	Traballo academicamente dirixido sobre unha cuestión da materia previamente asignada. O tema e a bibliografía serán acordados entre o profesorado e o(s) estudante(s).	60
Proba mixta	A3 A4 A5 A13 A15 C1	Proba escrita de carácter teórico-práctico	30

Observacións avaliación

No apartado de "Traballos tutelados" (60%), o profesorado da materia avaliará tamén, de ser o caso, a exposición oral; a proba mixta computará, por tanto, como o 30%.

O alumnado terá que entregar (por medios telemáticos) e/ou expoñer os traballos e actividades solicitados no prazo fixado.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - ARIZA, M. (1989). Manual de fonología histórica del español. Madrid: Síntesis - ARIZA, M. (1998). El comentario filológico. Madrid: Arco/Libros - BOSQUE, I. / V. DEMONTE (dirs.) (1999). Gramática descriptiva de la lengua española. Madrid: Espasa Calpe - CANO AGUILAR, R. (2000). Introducción al comentario filológico. Madrid: Castalia - CANO AGUILAR, R. (coord.) (2004). Historia de la lengua española. Barcelona: Ariel - COROMINAS, J. & PASCUAL, J. A. (). Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico, 6 vols.. Madrid: Gredos - FERNÁNDEZ REI, F. (1990). Dialectoloxía da lingua galega. Vigo: Xerais - FERREIRO, M. (1999-01). Gramática histórica galega, 2 vols.. Santiago: Laiovento - FRADEJAS RUEDA, J. M. (1997). Fonología histórica del español. Madrid: Visor - FREIXEIRO MATO, X.R. (2006). Gramática da Lingua Galega, 4 vols.. Vigo: A Nosa Terra - FREIXEIRO MATO, X.R. (2009). Lingua de Calidade. Vigo: Xerais - FREIXEIRO MATO, X.R. (2002). Lingua galega: normalidade e conflito. Vigo: A Nosa Terra - GÓMEZ TORREGO, L. (2010). Gramática didáctica del español. Madrid: SM - MARIÑO PAZ, R. (1998). Historia da lingua galega. Santiago: Sotelo Blanco - PENNY, R. (1993). Gramática histórica del español. Barcelona: Ariel - RAE y Asociación de Academias de le Lengua Española (2009). Nueva gramática de la lengua española. Madrid: Espasa Calpe - Real Academia Galega (s.d.). Diccionario da Real Academia Galega. &lt;https://academia.gal/diccionario&gt; - RUIZ BIKANDI, Uri (coord.) (2011). Lengua castellana y literatura. Investigación, innovación y buenas prácticas. Barcelona: Graó, Ministerio de Educación - RUIZ BIKANDI, Uri (coord.) (2011). Lengua castellana y literatura. Complementos de formación disciplinar. Barcelona: Graó, Ministerio de Educación - RUIZ BIKANDI, Uri (coord.) (2011). Didáctica de la lengua castellana y la literatura. Barcelona: Graó, Ministerio de Educación - S.N.L. (UDC) (2006). Criterios para o uso da lingua. UDC - S.N.L. (UDC) (2007). Sobre a calidade da nosa lingua. UDC - SANMARTÍN REI, G. (2008). Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación. Vigo: Xerais - SECO, M. (dir.) (1999). Diccionario del español actual. Madrid: Aguilar - TORRENS ÁLVAREZ, Mª J. (2007). Evolución e historia de la lengua española. Madrid: Arco/Libros
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para poder seguir os contidos da materia, será necesario posuír uns coñecementos básicos de lingua galega: quen non os tiver, terá graves dificultades para superar a materia. Neste caso, recoméndase a realización previa dun curso de lingua galega no Centro de Linguas da UDC.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías